

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**19102** Orde ARM/3187/2010, do 3 de decembro, pola que se modifica o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas.

Pola presente orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2009/74/CE da Comisión, do 26 de xuño de 2009, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello, no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e determinados anexos das directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Estas directivas e as súas sucesivas modificacións xa foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno, mediante o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986 e modificacións posteriores, e no que respecta ás sementes de plantas hortícolas, polo Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, obxecto de sucesivas modificacións.

Para poder incorporar as modificacións introducidas pola Directiva 2009/74/CE na Directiva 2002/55/CE, referente á comercialización de sementes de plantas hortícolas, é necesario modificar o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas aprobado pola Orde ministerial do 1 de xullo de 1986.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986 nos termos seguintes:

Un. O número VII.1 Tamaño dos lotes, substitúese polo texto seguinte:

«O peso máximo dos lotes non poderá exceder:

Para sementes de “Phaseolus coccineus”, “Phaseolus vulgaris”, “Pisum sativum” e “Vicia faba”: 30 toneladas.

Para sementes de tamaño igual ou superior ao dos grans de trigo, excepto as de “Phaseolus coccineus”, “Phaseolus vulgaris”, “Pisum sativum” e “Vicia faba”: 20 toneladas.

Para sementes de tamaño inferior ao dos grans de trigo: 10 toneladas.

No peso máximo dos lotes admítase unha tolerancia de ata o 5 por 100.»

Dous. Ao pé da nota 4 do anexo II, requisitos das sementes, alínea A) Porcentaxes mínimas de pureza específica, xerminación e máximos de sementes doutras especies, exixibles para todas as categorías, engádese o seguinte:

«5. Para variedades de “Zea mays” (millo doce de tipo superdoce), a capacidade xerminativa mínima exixida redúcese ao 80% de sementes puras. Na etiqueta oficial ou na etiqueta do provedor, cando proceda, deberá figurar o texto “facultade xerminativa mínima do 80 %”.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/74/CE, da Comisión, do 26 de xuño de 2009, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello, no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e determinados anexos das directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo a regulación relativa ás sementes importadas, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de decembro de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.